

**MEMORIA FINAL**

**EXHUMACIÓN NA FOSA DO CEMITERIO DE SAN BREIXO DE  
CELANOVA**

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

## ÍNDICE

1. Antecedentes .....	3
2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización .....	5
2.1. As víctimas.....	5
2.2. Os verdugos.....	12
3. Fichas individuais das vítimas .....	18
4. Documentación do espazo a intervir .....	34
5. Recoñecemento e estudio do espazo .....	37
6. Intervención na fosa: sondaxes, escavación, inhumación e difusión .....	41
 Bibliografía .....	46
 Fontes .....	49

## 1. Antecedentes



Figura 1. Plano do cemiterio de San Breixo de Celanova na década dos anos cincuenta. Fonte: voo americano de 1956.



Figura 2. Plano actual do cemiterio de San Breixo de Celanova coa indicación da localización da fosa escavada. Fonte: Google Earth

A fosa común de Celanova está identificada dentro do mapa de fosas elaborado grazas ao traballo previo do proxecto Nomes e Voces e está localizada no cemiterio de San Breixo, dentro da mesma localidade, concello e partido xudicial. O entorno no que se sitúa está formado por un cemiterio que, ao longo da súa historia, pasou por unha serie de ampliacións e modificacións (figuras 1 e 2) e a antiga igrexa parroquial que, na actualidade se utiliza como unha ermida anexa, da que destaca a súa fachada e espadana que datan de mediados do século XVIII.

No que respecta á vida da fosa, a única información que temos da utilización dese espazo como enterramento irregular é a execución de sete individuos, todos eles de Gijón e que, a consecuencia da violencia da guerra civil e ás diferentes estratexias de persecución, detención e execución executadas polos sublevados de 1936, remataron o seu periplo vital en Celanova. Con todo, cabe valorar a hipótese de que tamén fora un lugar para dar sepultura a outras persoas, como aquelas que careceran de recursos, que morreran na prisión de Celanova, que foran vítimas da resistencia antifranquista ou outras casuísticas que non se puideron comprobar, por non ser obxecto de estudio do presente traballo. Posteriormente, afondaremos nas traxectorias persoais das sete vítimas que buscamos, das súas mortes e dos seus enterramentos, en cada unha das fichas recollidas no terceiro punto deste informe.

A día de hoxe, a fosa é un espazo de memoria no que se recorda e conmemora ás vítimas da guerra civil grazas á actividade do comité de memoria histórica da comarca de Celanova. Dende que deron a coñecer o espazo a principios de 2021, organizaron un acto homenaxe ao que acudiron veciños do lugar e diferentes colectivos interesados, como foi, o dos Amigos da República de Ourense ou o Colectivo de xubilados de CC.OO. de Asturias. No proxecto, foi clave o traballo de dita asociación para coñecer a historia da fosa e para a localización dos familiares das vítimas, neste caso unicamente se logrou contactar (ata o momento) coa de dous deles, Marcelino Fernández e Abelardo Suárez.

## 2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Os estudos realizados sobre a fosa de Celanova non só permitiron identificar as vítimas asasinadas o 22 de setembro de 1939 no cemiterio municipal, senón que tamén puidemos coñecer como se levou a cabo a execución e quen foron os verdugos responsables. Neste eido, a pesar de que deben entenderse como dous actores ligados de forma intrínseca, cabe diferenciar as indagacíons realizadas sobre ambos, para facilitar a comprensión e a abordaxe das investigacíons.

### 2.1. As vítimas

A busca partiu da base de datos de Nomes e Voces filtrando as vítimas polo concello de morte. Para Celanova contamos con 93 rexistros e aínda que a maioría deles morreron na prisión, carecemos do rexistro de defunción para comprobar o lugar de enterramento. Dos que non faleceron na prisión, foi preciso filtrar aqueles que puideron ser enterrados no cemiterio de Celanova e que elevarían a cifra das sete vítimas enterradas na fosa da que partimos, como foi o caso de Pascual Ferrero del Caño<sup>1</sup>. Contrastando a información coa bibliografía específica, coa documentación militar e cos rexistros civís, puidemos ir acoutando o grupo de persoas que podemos atopar na fosa.

Inicialmente, traballamos coa hipótese de que as dúas vítimas que buscamos a petición das súas familias (Marcelino e Abelardo) foron enterradas xunto con outras cinco persoas, nun mesmo espazo, baixo unhas circunstancias similares, que serán as que describiremos posteriormente con detalle. O perfil das sete vítimas que temos identificadas na fosa de Celanova e as circunstancias das súas mortes teñen que ver, precisamente, cunha das funcións prácticas que adquieren

---

<sup>1</sup> A pesar de que a bibliografía específica apoiaba a hipótese de que fora asasinado e enterrado en Celanova, o sumario que se lle instruíu recolle que foi trasladado ao cuartel de San Francisco, en Ourense, e alí foi executado e enterrado o 31 de marzo de 1939 (AIMNOR, causa 7520/36).

os espazos de retagarda na guerra civil, como Galicia. Os centros de reclusión galegos aglutinaron tamén prisioneiros doutras zonas, segundo as necesidades da guerra o foron demandando. Neste caso, a inminente ocupación de Gijón, o 20 de outubro de 1937, polas tropas sublevadas provocou que o porto de Musel se convertera nun lugar de saída e exilio para as forzas do exército do norte, funcionarios e membros dos partidos e sindicatos da Frente Popular. Nesta fuxida, máis de sesenta embarcacións cargadas de milicianos e civís lograron chegar a Francia, pero máis de vinte foron apresados pola Mariña sublevada, entre eles os vapores Nuestra Señora del Carmen, Gaviota e Alicia, nos que se atopaban as sete vítimas fusiladas en Celanova<sup>2</sup>.

Dende o mes de outubro de 1937 comezan a funcionar en Gijón os tribunais militares coa incoación de causas militares e pónense en marcha as “Comisiones Clasificadoras de Prisioneros y Presentados”. En Asturias, os tribunais estableceronse fundamentalmente en Oviedo e Luarca, pero tamén en Castropol, Cangas de Narcea, Tineo, Pravia e, posteriormente, en Llanes. O tribunal permanente de Asturias nº 1 funcionou en Gijón ata o 17 de maio de 1938 e, posteriormente, trasladouse ao campo de concentración de Camposancos (A Guarda), localizado nas antigas instalacións dun colexio rexentado pola Compañía de Xesús. Precisamente, a este lugar foron trasladados, dende Ribadeo, algúns dos fuxidos por mar de Asturias que foran capturados e, como prisioneiros, estaban militarizados e suxeitos ao Código de Xustiza Militar. A actividade xudicial militar deste tribunal, na sede pontevedresa, foi intensísima e moi áxil, por iso dito lugar coñécese como “la puerta del infierno”. O 4 de maio de 1938 celebráronse os tres primeiros xuízos militares en Camposancos que xulgaron ao redor duns 60 homes, praticamente a metade foron condenados a pena de morte e un terzo das vítimas procesadas foron executadas. Rexístranse un total de 33 consellos de guerra nos que foi habitual que o xuíz instrutor

---

<sup>2</sup> AIMNOR, causas 5597/38, 5947/38, 5999/38 e 6143/38.

agrupara ao redor dunha ducia de expedientes na mesma causa, posteriormente, emitía o auto-resumo que era sometido á Auditoría militar para determinar o procesamento<sup>3</sup>.




Figura 3. Plano da planta Baixa do mosteiro empregado como prisión central de Celanova.

Fonte: Sabela Vieira (2013)

Posteriormente, este grupo de vítimas foron trasladadas á prisión de Celanova<sup>4</sup>. Dende os inicios da guerra civil, as dependencias do antigo mosteiro de San Salvador de Celanova acomodáronse para funcionar como Prisión Habilitada da Prisión Provincial de Ourense, unha especie de depósito auxiliar para suplir os problemas de espazo (figura 3). No mes de maio de 1938, pasa a ser un centro de reclusión autónomo coa

<sup>3</sup> Marcelino Laruelo Roa, *La libertad es un bien muypreciado. Consejos de guerra celebrados en Gijón y Camposancos por el ejército nacionalista al ocupar Asturias en 1937. Testimonios y condenas*, Gijón, En la Estela de Alderabán, 1999.

<sup>4</sup> AIMNOR, causas 5597/38, 5947/38, 5999/38 e 6143/38.

categoría de Prisión Central, ata a súa desaparición, en setembro de 1943. Nun principio, acollían detencións realizadas na comarca e arredores, posteriormente, recollerón presos que estaban á espera de sentencia definitiva e que posiblemente cumplirían condena noutro centro; e finalmente, na súa fase independente, foi pensada para recluir presos políticos<sup>5</sup>.

A partir de xuño de 1938, comezan a chegar reclusos de orixe asturiano para aliviar a concentración de presos dos cárceres de Gijón e Oviedo, e o seu número foi considerable ata 1941 (chegando na maioría dos casos ao millar), momento no que comeza a descender ata o seu peche. As cifras concretas sobre os presos que pasaron por esta prisión son moi relativas e incertas, especialmente nos seus inicios. O organigrama de persoal apenas contaba con vinte persoas, mentres que a vixilancia exterior estaba a cargo dunha compañía do exército acuartelada no convento e composta por mais de 170 soldados ao mando do tenente Manuel Vega Puras<sup>6</sup>.

En 1938, un 69,48% dos reclusos eran de orixe asturiano, a maioría deles entre 20 e 39 anos e condenados a penas de mais de 20 anos de prisión. Dende este ano, ata 1943, constan rexistradas 84 defuncións cunha tipoloxía moi variada. As únicas execucións das que se atopou constancia, foron as das sete vítimas asasinadas o 22 de setembro de 1939, no cemiterio de Celanova, e trece persoas fusiladas, en Ourense. Unha das persoas que estivo recluída en Celanova, Juan Antonio Cabezas, condenada a pena de morte e que sobreviviu, recorda que o grupo de presos sobre os que pesaba este tipo de condición estaba formado por 30 persoas, pero dos dez individuos restantes non temos noticia da súa identificación, nin tampouco do lugar de fusilamento, nin

---

<sup>5</sup> Domingo Rodríguez Teijeiro, "Longa noite de pedra" no Mosteiro de San Salvador. *Represión e reclusión en Celanova (1936-1943)*, Oleiros, Vía Láctea, 1999

<sup>6</sup> Domingo Rodríguez Teijeiro, "Longa noite de pedra" no Mosteiro de San Salvador. *Represión e reclusión en Celanova (1936-1943)*, Oleiros, Vía Láctea, 1999

enterramento. Dito testemuño sinala que á súa chegada ao penal, en 1938, foron recluídos na “leona”, un espazo singular que segundo lles indicou o xefe de servizos:

El director no quisiera separarlos del resto del resto de la expedición, pero el reglamento de prisiones lo prohíbe terminantemente. Los condenados a muerte o con simple petición de esa pena, que es el caso de todos ustedes, han de estar separados del resto de la población penal. Aquí no hemos tenido nunca condenados a muerte y por tanto no tenemos galería habilitada, con total aislamiento. Provisionalmente, hemos decidido instalarlos en esta celda grande que veníamos utilizando como calabozo para los castigados por faltas disciplinarias internas<sup>7</sup>.

Con respecto a este tema, outro testemuño coincide en que ditos reclusos estaban nun lugar diferenciado do resto. Os presos que sacaban para ser asasinados, adoitábanos separar antes para unha cela diferente e, posteriormente, atábanlle as mans cun arame. No caso dun sobrevivente a un “paseo”, sinala nas súas memorias que “un dos carcereiros trasladoume a un recinto cativo que hai, a xeito de atalaia, na parte máis alta do convento. Este era o lugar onde ultimamente reunían aos presos que ían sacrificar cada noite”<sup>8</sup>.

Sobre as condicións nas que vivian os presos na prisión de Celanova, temos diversos testemuños que falan do trato recibido. Elixio Rodríguez, recorda que “comiamos moi mal, por suposto, o imprescindible para estar vivos (...) comiamos moitos garbanzos”<sup>9</sup>. Entre outras prohibicións, unha delas era a de asomarse ás ventás; con todo, podían apreciar os detalles do exterior, tal e como podemos observar nos debuxos de Luis Alonso

<sup>7</sup> Juan Antonio Cabezas, *Asturias: catorce meses de la guerra civil. Memorias de la guerra civil española, 1936-39*, Madrid: Ed. G. del Toro, 1975, p. 217

<sup>8</sup> Elixio Rodríguez, *Matádeo mañá. Memorias dun aviador galleguista republicano entre a guerra e o exilio*, Vigo: Xerais, 1994.

<sup>9</sup> Terra e Memoria, fondo Histagra, entrevista nº 2098, realizada a Elixio Rodríguez Domínguez, por Gustavo Hervella García e Natalia Novoa Domínguez, o 28 de agosto de 1006 en Bande.

Sánchez (figura 4) ou no que Gaspar lles contaba aos seus familiares nas cartas que lles enviaba:

No les extrañe que de tantos detalles de este pueblo ya que hay que tener en cuenta que esto no es una cárcel, sino un convento con balcones a la calle y por ellos vemos lo que pasa por el pueblo, aunque no nos dejen asomar, pero desde dentro se ve bastante<sup>10</sup>.

Ademais, sobre o persoal que atendía aos presos:

Os carcelerios, desgraciadamente para nós, eran de por aquí, os dous carceleiros que había en Celanova eran de Bande, e desgraciadamente, eu, no meu caso, teño moi mal recordo deles porque ao ser veciños, non me trattaron como veciños, tratáronme moi mal, a min e a todos, eran malvados<sup>11</sup>.




Figura 4. Debuxo da torre da igrexa e do patio do Mosteiro de Celanova nos tempos nos que foi empregado como cárcere. Fonte: Xesús Alonso Montero (2003).

<sup>10</sup> Documentación de Gaspar Fernández, facilitada polo Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova.

<sup>11</sup> Terra e Memoria, fondo Histagra, entrevista nº 2098, realizada a Elixio Rodríguez Domínguez, por Gustavo Hervella García e Natalia Novoa Domínguez, o 28 de agosto de 1006 en Bande.

Os propios reclusos, tamén foron empregados, nalgúns casos como persoal encargado de “la ordenanza del exterior”, como foi o caso de Raúl López, sempre que tiveran boa conducta e unha pena menor. En determinados aspectos, incluso foron un colectivo que tratou de integrarse, na medida do posible segundo a súa condición, en certas actividades do pobo. Á altura de 1939 un grupo de presos participou na elaboración dun altar para colocar a virxe das Mercedes na súa festa patronal<sup>12</sup>.

Cambiando de terzo, dende un principio, tivemos en conta a posibilidade de atopar outros individuos na/s fosa/s que non foran os que buscabamos. Un deles, era o caso do “fuxido”, Ramón Yáñez Pereira, de 41 anos, natural de Monforte de Lemos e policía da Generalitat durante o golpe de Estado de 1936. Posteriormente, trasladouse a Ribadavia onde estivo como recadador de arbitrios ata xullo de 1940, momento no que o intentaron deter ao ser reclamado en Barcelona. Era considerado polas autoridades franquistas como o “famoso atracador que se hallaba oculto”, pois, “formaba parte de una banda de delincuentes que tiene su residencia en los pueblos fronterizos portugueses de Rivero de Arriba y la Azureira” e, ademais, “el día primero de junio de 1943 y en unión de los huidos que formaban parte de la cuadrilla, tomó parte en el asesinato de un guardia fiscal de la plantilla de Vila d Castro (Portugal), con los que han sostenido un gran tiroteo”. Tras unha confidencia, foi asasinado no monte Paixón, o 13 de xullo de 1943, polas forzas da Garda Civil. A súa morte foi rexistrada a consecuencia de “abundante hemorragia interna y externa por arma de fuego” e na súa autopsia indican que no recoñecemento exterior do cadáver poden apreciarse “varios orificios situados en la cara, cabeza, pecho, abdomen y parte superior de los miembros inferiores, con abundante hemorragia por algunos de ellos, y en uno situado en la cabeza, en la unión de los dos

---

<sup>12</sup> Arquivo Histórico de Ourense, Actas de Xunta de Disciplina de Prisión de Celanova, sin. C-24950-06

parietales, la salida por el de masa encefálica, dichos orificios de entrada y salida, fueron producidos por el disparo de arma fuego". No reconocimento interno, apréciase que "en la cavidad torácica, también se nota extensa hemorragia y perforación de ambos pulmones. Y en la cavidad abdominal, perforación de las masas intestinales con salida de masa fecal y abundante hemorragia interna". Nas diligencias do enterramento, pode apreciarse a localización exacta da inhumación, pero non se puido concretar cos recursos que contamos actualmente se coincide coa localización da fosa que temos previamente identificada:

fue sepultado en una fosa abierta a un metro de distancia del panteón donde reposan os restos de doña María Manuela Faustina Fernández, adosado al ángulo sur-este del depósito de dicho cementerio, en posición de norte a sur, como se ha dicho, la cabecera, un metro del panteón aludido, y a diez y nueve metros aproximadamente de distancia del muro de cierre del cementerio, por el aire Este y a unos diez y ocho metros de la pared de cierre del propio cementerio, por el aire oeste.

Con todo, tras os traballos previos de investigación histórica e os resultados das intervencións no terreo, o equipo concluíu que entre os restos atopados non se encuentran os de Ramón Yañez. Posiblemente, a súa fosa este localizada noutra zona do cemiterio e con gran probabilidade, se vira afectada pola progresiva construcción de nichos que se veu efectuando, dende a parede lateral da igrexa ata a actual localización da fosa excavada.

## **2.2. Os verdugos**

Tal e como podemos apreciar, o grupo de sete vítimas que buscamos formaron parte dun organigrama da violencia perfectamente ordenado e clasificado no que as súas execucións foron accións planificadas dentro dunha lóxica verticalmente dirixida, dentro do mundo militar. Posteriormente, nas fichas individuais, poderemos apreciar as circunstancias persoais das traxectorias vitais de cada unha delas; así

como unha relación de datos que poden facilitar a súa identificación. Con todo, é importante entender como se leva a cabo a execución e quen foron os verdugos, unha acción ben descrita e definida dentro dos sumarios militares que xulgaron ás vítimas.




Figura 5. AIMNOR, causa 5597/38, folio 200. Fonte: fondo Histagra

As diliencias de execución, da sentenza a pena de morte que recibiron as sete persoas que buscamos, en diferentes xuízos, coinciden en que a orde provén por parte do capitán asesor da Comandancia militar de Ourense, dada o día 21 de setembro de 1939 ao xuíz instructor, José Bernabé Gijón. Nelas indica, por un lado, a hora e o tempo que debían

“estar en capilla” os penados e, por outro, que o comandante xefe da Bandeira de Fet de las Jons de Marruecos debía determinar o lugar da execución e as forzas que debían formar parte do batallón de fusilamento (figura 5). Francisco Hernández Recio foi o tenente que formaba parte da Bandeira de Fet de las Jons de Marruecos nomeado como xefe do pelotón de execución, que tería lugar nas tapias do cemiterio<sup>13</sup>.

Para levar a cabo a orde recibida, o xuíz instrutor nomeou como secretario das actuacións ao falangista da Bandeira de Marruecos, Javier Aznar Acebo<sup>14</sup>. O médico da Bandeira e o capelán da prisión foron citados polas autoridades militares “quedando advertidos de que los reos entrarán en la Capilla que se instalará en el Cementerio de esta ciudad (Celanova) a las cuatro horas de esta madrugada”<sup>15</sup>.

Posteriormente, como parte das dilixencias efectuadas dos sumarios, o secretario, Javier Aznar, recolleu a descripción do asasinato efectuado “a las siete horas del día veintidós de septiembre de mil novecientos treinta y nueve, a mi presencia y a la del Sr. Juez, han sido pasados por las armas”. Unha vez, “hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico, Francisco González del Rey, certificó la defunción”. Posteriormente, o xuíz ordenou que se oficiara ao encargado do cemiterio, Camilo González, para que dese sepultura aos cadáveres, “participando los lugares de enterramiento” e, ademais, que se oficiara ao xulgado municipal para que inscribira as correspondentes defuncións<sup>16</sup>. Nelas consta que faleceron “a consecuencia de hemorragia interna y externa producida por disparos de arma de fuego”<sup>17</sup>.

O mesmo día da execución, o 22 de setembro de 1939, o encargado do cemiterio, Camilo González, informoulle ao tenente da Bandeira de

<sup>13</sup> AIMNOR, Causa 5597/38, folio 204.

<sup>14</sup> Nomeado conselleiro ordinario do Consejo Nacional del Sindicato Español Universitario “libremente designados por el jefe nacional” a principios de novembro de 1939 (*Imperio*: Zamora, 4/11/1939). Nomeado oficial da Oficina de Información Diplomática a mediados de maio de 1958 (BOE, nº 136, 7/6/1958).

<sup>15</sup> AIMNOR, Causa 5597/38, folio 203.

<sup>16</sup> AIMNOR, Causa 5597/38, folio 203r.

<sup>17</sup> AIMNOR, Causa 5597/38, folios 205, 206 e 207.

Marruecos que as sete persoas que buscabamos foran enterradas no cemiterio de Celanova, en fosas numeradas localizadas na “franja de terreno comprendida en el aire oeste de la parte nueva del cementerio y en frente al panteón de Don Isauro López Montero de esta Villa”<sup>18</sup>.

Xusto un día despois, a Bandeira de Fet de las Jons abandona Celanova por orde superior, polo que convén deterse na natureza deste grupo e determinar cal foi o seu periplo durante o tempo no que estivo activo. Dita milicia organizase en Marruecos, tras o Golpe militar de 1936, e no mes de outubro xa contaban con 36.800 inscritos, a metade do total de voluntarios que formaban parte do exército “nacional”. Foi unha das unidades máis efectivas, estaba subordinada ao mando militar e contaba cunha heteroxénea composición. Os falangistas alistados como voluntarios eran de Ceuta, Melilla e diferentes localidades da zona oriental do Protectorado. Unha parte importante foron militantes peninsulares, e incluso, tamén participaron membros de sindicatos e organizacións políticas de esquerdas como medio para salvar a vida. A poboación musulmá de Marruecos non acadou o 20% dos seus componentes a gran maioría do grupo quedaron na retagarda dedicándose a labores de vixilancia e represión.

Aqueles que tiveron unha participación máis activa na guerra e en accións de combate foron o grupo conformado por uns 700 falangistas de Melilla, Villa Sanjurjo, Larache, Tetuán, Alcázarquivir e Ceuta que saíron dende o principal acuartelamento da Legión en Marruecos, Dar Riffien, a mediados de setembro de 1936, ao mando do comandante de cabalería Sebastián Pardini Piñol. Tiveron unha intensa instrución práctica e de tiro que as colocou como unha das unidades mellor preparada. Participaron en diferentes accións de guerra, pasando pola fronte de Bargas (Toledo) ou Pinto (Madrid), e a súa participación na batalla do Jarama serviules para recibir a Medalla Militar Colectiva. Posteriormente, participaron na defensa del Cerro del Águila (Madrid) e,

---

<sup>18</sup> AIMNOR, Causa 5597/38, folios 211, 212 e 213.

na primavera de 1937, organizouse de nova planta a 18 División mandada polo coronel Joaquín Ríos Capapé que integraba ata 14 unidades diferentes, unha delas a Bandeira de Fet de Marruecos, baixo o mando do comandante de cabalería, Nemesio Fernández Cuesta. A finais de 1938, pasaron a estar baixo o mando de Manuel Sánchez-Ocaña y Elio e durante 1939 participou na defensa da Ciudad Universitaria e na conquista de Madrid. Incluso formaron parte do “desfile da vitoria” en Madrid e xusto despois, foron enviados como servicio de guarnición a Celanova<sup>19</sup>.

No referido ás actuacións da Bandeira na vila ourensá, a súa chegada alterou de forma significativa o trato ofrecido polas autoridades e funcionarios da prisión aos reclusos; así como a forma de xestionar e resolver problemáticas cotiás menores. A intensidade e a arbitrariedade da execución da violencia fixo que, apenas unha semana despois da súa chegada, as autoridades da prisión tiveran que intervir para calmar as actuacións dos membros da Bandeira como gardas vixilantes:

Segundo partes de servicio que formularon los jefes de servicio D. Emilio Fernández y D. Luís Crespo, habían sido heridos por disparos de armas de fuego hechos por los centinelas de guardia los penados Alfredo Fernández Vázquez y Remigio Fernández Suárez, tratándose al parecer de heridas de alguna importancia, razón por la cual y en visto del dictamen del vocal médico se interesó urgentemente autorización de la Jefatura del S.N. de Prisiones para ser trasladados al Hospital de Ourense al objecto de ser intervenidos, significándole dicho Sr. Presidente que se ha entrevistado con los Jefes del Destacamento al objecto de ver la forma en que los centinelas no procedan en el cumplimiento de su deber con demasiada ligereza en consideración a que cualquier disparo que se produzca, dadas las

---

<sup>19</sup> Alfonso Iglesias Amorín, “Falange en el Protectorado durante la Guerra Civil y la Bandera de Marruecos de Fet de las Jons”, en Miguel Madueño Álvarez, Luis Velasco Martínez e José Manuel Azcona Pastor (ed.), *Camisas azules en Hispanoamérica (1936-1978). Organización política y prosopografía del falangismo de ultramar*, Madrid: Dykinson, 2021, 71-100.

condiciones del edificio, puede traer graves consecuencias a los demás reclusos u que según informes recogidos los aludidos heridos no habían faltado al cumplimiento de las ordenes de esta Dirección asomándose a las ventanas<sup>20</sup>.

Cinco días despois, ten lugar un episodio similar ao anterior, co resultado de nove reclusos feridos e un morto:

Hechas las averiguaciones conducentes al determinar las causas que motivaron estos disparos parece ser que mencionados reclusos se hallaban en el aludido local haciéndose el aseo personal y que como dicho local es de pequeñas dimensiones y está provisto de grandes ventanales con vidrieras, claro es tenían que hallarse próximos a las ventanas y es posible que el centinela situado casi en el mismo plano y a una distancia aproximada de ciento cincuenta metros creyera que los aludidos reclusos se hallaban asomados a las ventanas, pues aún en el supuesto de que fueran intimidados a retirarse de las mismas, mal podría ser oido dada la distancia que mediaba. Esta Presidencia inmediatamente puso el hecho en conocimiento de las Jefatura del Servicio Nacional de Prisiones, del Gobernador Militar de la Provincia y del Juez Instructor Militar de guardia para los fines que se creyeran pertinentes (...). La Junta se da por enterada y se acuerda que por la Presidencia se hagan gestiones acerca de los Jefes de Bandera para ver si pudieran suavizarse las consignas que tengan dadas en evitación de que se reproduzcan estos hechos tan lamentables y dolorosos<sup>21</sup>.

Tras a súa participación na execución dos sete condenados foron enviados a Melilla e terminaron por disolverse no mes de outubro de 1939.

<sup>20</sup> Arquivo Histórico de Ourense, Actas de Xunta de Disciplina de Prisión de Celanova, sin. C-24950-06 (25 de xullo de 1939, páxs, 22 e 23).

<sup>21</sup> Arquivo Histórico de Ourense, Actas de Xunta de Disciplina de Prisión de Celanova, sin. C-24950-06 (1 de agosto de 1939, páxs. 23 e 24).

### 3. Fichas individuais das vítimas

#### MARCELINO FERNÁNDEZ GARCÍA



<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Mieres, Oviedo
	<b>Veciño de</b>	Batería, nº 2, Gijón
	<b>Idade</b>	22 anos (naceu o 20 de abril de 1916)
	<b>Profesión</b>	Mecánico de máquinas de escribir
	<b>Filiación/s</b>	CNT (sindicato mercantil) Solicitou o ingreso na J.S.U. o 17 de febreiro de 1936 Centro Republicano de Gijón
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
	<b>Resumo</b>	Fillo de José e Belarmina, está casado con Olivia Julia Gutiérrez González e ten unha filla.  Foi prisioneiro no mar (vapor pesqueiro Alicia) e ingresou no campo de concentración de Camposancos o 28 de outubro de 1937, onde foi xulgado. Posteriormente, foi trasladado á prisión central de Celanova o 25 de xaneiro de 1939, ás 19:30. O 14 de xullo de 1939 o auditor de guerra reclama o seu testemuño e informa sobre a liquidación de condena. O 22 de setembro foi entregado ás 3 horas da madrugada ao tenente Francisco Hernández Recio por orde do xuiz eventual José Bernabé

	<p>Gijón (tenente de milicias de Fet de las Jons da Bandera de Marruecos) para o cumprimento de sentencia.</p> <p>Sobre as súas actuacións na guerra, “al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional se hallaba en su domicilio en paro como consecuencia de una huelga del ramo de empleados mercantiles, continuando así hasta Diciembre en que nuevamente se abrió la casa donde trabajaba como mecánico de máquinas de escribir propiedad de Don Julio Saiz de Gijón, bajo el control e intervención del Sindicato Mercantil y allí permaneció hasta que llamada su quinta se presentó en el ayuntamiento y después de pasar al tribunal médico se le declaró servicios auxiliares y fue destinado a intendencia como ordenanza, pasando más tarde con igual empleo a la Pagaduría Militar de Campaña, donde le sorprende el derrumbamiento y como no tuviese cabida para embarcar en Musel, marchó en un coche a Avilés, haciéndolo en el vapor Alicia, donde se le captura”.</p> <p>No xuízo foi acusado polo delegado de Orden Público, “pertenece a las Juventudes Socialistas Unificadas. Durante la dominación roja, se dedicó a registrar los domicilios de los clientes donde prestaba servicios como mecánico de máquinas de escribir, con el objeto de llevar armas, máquinas de escribir y otros objetos. Asaltó el chalet Villa Palmita, sito en el Coto de San Nicolás, donde estaba muy enterado de las alhajas que en el mismo había, y que las habían dejado al huir. Estuvo en los frentes de Luarca como voluntario, y se congratulaba de haber tomado parte en los ataques al Glorioso Cuartel del Simancas, y de haber dado muerte al sargento de la Guardia Civil, Juan Pinos. Se hizo dueño del comercio donde prestaba servicio, propiedad de don Julio Saiz, desposeyendo a la dueña y diciendo que todo era del llamado Frente Popular. La asignó a la misma el sueldo de 150 pesetas mensuales, denunciándola varias veces, al sindicato mercantil por sabotaje a la causa marxista. (...)”.</p> <p>Tomaselle declaración indagatoria en Camposancos o 12 de xullo de 1938 e ese mesmo dá incoáselle sumarísimo de urxencia. O 22 celebrase do consello e ditase sentencia a pena de morte para Marcelino e Alfonso polos delitos de traición, rebelión militar e auxilio a rebelión militar. O auditor non aproba a sentencia dun compaño, polo que se devolven as dilixencias e volve a ditarse otra sentenza (co mesmo resultado para Marcelino) e día 8 foi aprobada polo fiscal. O xuíz instrutor, José Bernabé Gijón, designou como secretario ao falangista da bandeira de Marruecos, Javier Aznar</p>
--	--

		<p>Acedo. Tras a comunicación da condena aos reos, néganse a firmala. Ás sete horas “han sido pasados por las armas (...) hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico Francisco González del Rey certificó la defunción”. Marcelino recibe sepultura na <b>fosa número 1</b> “franja de terreno comprendido en el aire oeste de la parte nueva del cementerio y en frente al panteón de don Isauro López Montero, de esta villa” (firmado polo encargado do cemiterio, Camilo González).</p> <p>A súa muller solicita o 5 de decembro de 1944 o certificado de defunción para acollerse aos beneficios do patronato de Huérfanos de la Revolución y de la Guerra. Posteriormente, en 1979 solicita a pensión de viudez. Uns meses despois de que detiveran a Marcelino, súa muller foi a visitalo coa súa filla, viaxaron grazas a unha colecta entre as veciñas de Gijón e estiveron uns días na vila grazas á xenerosidade dunha familia do lugar.</p>
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	Sumarísimo de urxencia 8672, 5947/38
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	Si, (inserto na causa)
	<b>Outras</b>	<p>Descripción física: “cabello oscuro, piel morena, nariz ancha, cara oval, boca grande, poca barba y como señas particulares, descentramiento pupila ojo derecho”. Talla: 1,580 m., perímetro torácico: 0,85 m., ningunha cicatriz, bo estado de saúde.</p> <p>Sinala nunha das súas declaracíons que lle faltaba a vista do ollo derecho</p>

### ABELARDO FÉLIX SUÁREZ DEL BUSTO



<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Gijón
	<b>Veciño de</b>	Carretera Carbonera, Llano del Medio, calle María Josefa, nº 8, Gijón
	<b>Idade</b>	29 anos (naceu o 18 de abril de 1910)
	<b>Profesión</b>	Albañel
	<b>Filiación/s</b>	UGT (dende 1934)
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
	<b>Resumo</b>	<p>Fillo de Feliciano e Carmen, casado con Emilia Díaz e ambos tiñan un fillo de 9 anos.</p> <p>Sobre as súas actuacións na guerra, “al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional se hallaba en su domicilio de gijón donde permaneció en los primeros días siendo luego controlado por la organización sindical para trabajar como albañil en obras de fortificación y refugio donde estuvo hasta el mes de enero de 1937 en que ingresó como voluntario en el Batallón 232 Espartaco, pasando a la Verruga desde donde tomó parte en la ofensiva de febrero a Oviedo, terminada la cual marcharon a Villamarín desde donde pasó a la Escuela Militar de Noreña saliendo ascendido a Sargento destinado al Batallón 265 en los primeros días de Mayo. Se organizaba este Bon en Proaza con las quintas de mar</p>

		<p>y después de un mes de instrucción salieron para el frente de San Pedro de Nora y al mes y medio para Bilbao, si bien cuando llegaron ya este había caído en nuestro poder y se quedaron en la Nestosa 15 días pasando a Castro Urdiales y de aquí a Sopuerta de donde es baja al Hospital por enfermo pasando en los primeros días de agosto a su domicilio en cura ambulatoria, y al derrumbarse el frente, embarca en el puerto del Musel en el vapor Gaviota y es capturado (20 de outubro de 1937)".</p> <p>Acusado polo xefe de liña da Garda Civil de Gijón de "empuñó las armas atacando los cuarteles de Simancas y Zapadores; personalmente quemó las Iglesias de Candás y Peón; quedándose algún tiempo en la retaguardia formando parte de las fatídicas "checas" con la que intervino en varios asesinatos (...) es indeseable por todos los conceptos para la Nueva España".</p> <p>Acusado pola xefatura da comisaría de investigación e vixilancia de tomar parte "en la huelga revolucionaria de octubre de 1934".</p> <p>Todas estas e outras acusacións lévano a ser incoado o 22 de xullo de 1938 polo xulgado eventual de Camposancos. O 29 de xullo de 1938 celebrouse o consello de guerra en Camposancos e ditouse sentencia. Ao día seguinte, o auditor aproboouna. Ingresa na prisión de Celanova o 25 de xaneiro de 1939 entregado pola Garda Civil en concepto de penado, a disposición do xefe S.N. Prisiones para extinguir a pena imposta.</p> <p>Francisco Hernández Recio foi designado tenente xefe do pelotón de fusilamento da ejecución de Baldomero, Abelardo e Mariano, que terá lugar nas tapias do cemiterio de Celanova. Ás sete horas do día 22 "hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico don Francisco Fernández del Rey, certificó la defunción". Foi enterrado no mesmo <b>foso, número cinco</b>.</p> <p>A súa muller solicita apenas un mes despois, o certificado de defunción, "caso de que fuera cierta tan triste noticia". Na actualidade, a súa neta, Gracia Gutiérrez Suárez reclama os restos de seu avó</p>
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	5.597/38, sumario de urgencia 9.190
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	Si (inserto na causa militar)

	<b>Outras</b>	Descripción física: “cabello oscuro, piel morena, cejas oscuras, nariz corta, boca regular, barba poblada, cara ancha, talla alta”. Sen señas particulares. “Talla: 1,750; perómetro torácico: 0,93; aspecto general bueno, tatuaje antebrazo izquierdo” e sen feridas de guerra.
--	---------------	---

**BALDOMERO VIGIL-ESCALERA VALLEJO**

<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Gijón
	<b>Veciño de</b>	Calle Canga-Argüelle, nº 31
	<b>Idade</b>	19 anos
	<b>Profesión</b>	Pintor
	<b>Filiación/s</b>	CNT (dende 1932)
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
<b>Resumo</b>	<p>Fillo de Luis e Esperanza, solteiro</p> <p>Sobre as súas actuacións durante a guerra, dende a República traballaba con seu pai na Fábrica de Gas ata que foi mobilizada a súa quinta. “El 18 de julio se encontraba en su casa de Gijón y allí estuvo hasta el 25 de junio de 1937 en que llamó su quinta (reemplazo de 1939). Durante el tiempo que estuvo en Gijón estuvo trabajando de albañil y por cuenta del sindicato de la construcción, primero en la compañía popular de gas y electricidad. Se incorporó en la fecha al batallón 220 con el que estuvo por los frentes orientales asturianos, cuando fue dado de baja por enfermo y trasladado a los hospitalares (...). Una vez restablecido, fue incorporado al depósito (...) de Arriondas. Aquí pidió la baja por enfermo otra vez y fue trasladado a Gijón, al hospital 42 en el que estuvo hasta el día 20 de octubre de 1938 que embarcó en Gijón (a bordo do buque Gaviota) siendo detenido al día siguiente por el crucero Almirante Cervera que los condujo a Ribadeo”.</p> <p>Acusado polo delegado de Orden Público de “agitador, pendenciero y comunista. Atacó desde el primer día los heroicos cuarteles de Gijón, dedicándose después a la delación de personas de orden e ideología derechista, trasladándose más tarde a los distintos frentes de combate. Su madre tenía gran influencia con el funesto Segundo Blanco, por lo que fue nombrada Delegada de Vivienda, perteneciendo como el al Ateneo Libertario de la Arena”.</p> <p>O 29 de xullo de 1938 celebrouse o consello de guerra en Camposancos e ditouse sentencia. Ao día seguinte, o auditor aprobouna. O 25 de xaneiro de 1939 ingresa na prisión de Celanova entregado pola garda civil en concepto de penado a disposición do xefe de S.N.</p>	

		Prisiones para extinguir condena. Francisco Hernández Recio foi designado tenente xefe do pelotón de fusilamento da execución de Baldomero, Abelardo e Mariano, que terá lugar nas tapias do cemiterio de Celanova. Ás sete horas do día 22 “hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico don Francisco Fernández del Rey, certificó la defunción”. Foi enterrado no mesmo <b>foso número seis</b> .
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	5597/38, 7130
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	Si (inserto na causa militar)
	<b>Outras</b>	Descripción física: “cabello castaño, piel morena, cejas castañas, nariz afilada, boca pequeña, barba poca, cara oval, talla mediana”. Como señas particulares: “quiste 1ª falange dedo medio cara interior, mano derecha”. “Talla: 1,680; perímetro torácico: 0,84; aspecto general bueno” e sen feridas de guerra.

<b>GUILLERMO DE DIEGO ÁLVAREZ</b>		
<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Mieres, Asturias
	<b>Veciño de</b>	Veriña, Asturias
	<b>Idade</b>	25 anos
	<b>Profesión</b>	Chófer
	<b>Filiación/s</b>	Militante da federación anarquista de Gijón
	<b>Data e lugar de morte</b>	Celanova, 22 de setembro de 1939
<b>Resumo</b>	<p>Solteiro, fillo de Celestino e Rafaela.</p> <p>Voluntario do batallón de transportes (o 1 de novembro de 1936), capturado no vapor Nuestra Señora del Carmen.</p> <p>Sobre as súas actuacións durante a guerra, “le sorprendió el Movimiento Nacional en el pueblo de su residencia Veriña-Gijón en donde trabajaba de su profesión, (...) llevaba tres días trabajando en el Ferrocarril del Norte en la estación de Veriña y en esta situación continuó hasta el 24 de julio de 1936 que fueron reclamados todos los conductores por el comité de guerra de Gijón para prestar los servicios de su clase, siendo destinado al parque móvil de Gijón siendo militarizados y prestando servicios por los distintos sectores del frente asturiano hasta el mes de septiembre que fue destinado en los frentes de Santander y Bilbao permaneciendo los mismos hasta la caída de Santander que se reincorporó a su unidad. En Gijón siendo destinado nuevamente a los frentes orientales en donde continuó hasta el total derrumbamiento de Asturias en ocasión de encontrarse en Vega de Sariello se le presentaron dos tenientes con el objeto de que los trasladara al puerto de El Musel, habiendo dado cumplimiento a esta orden y desde este puerto fue trasladado con los antedichos tenientes al puerto de San Juan de Nieva, embarcando en el vapor Nuestra Señora del Carmen que fue apresado por las fuerzas nacionales”.</p> <p>Acusado polo xefe de liña da Garda Civil, “de ideas izquierdistas, afiliado al partido socialista, sindicato de la UGT (...) hizo propaganda en favor del Frente Popular y se distinguió mucho por su marcado marxismo. Al estallar el Glorioso Movimiento fue chófer del comité de guerra de Gijón, detuvo a personas de derechas (...), actuó en requisas haciendo manifestaciones de que ‘había que</p>	

		<p>matar a todos los de derechas'. Se le considera enemigo de la Causa Nacional". O delegado local de Fet de las Jons tamén o sinala como "elemento comunista. Se distinguió por sus ideas avanzadas en Octubre de 1934, siendo en aquella fecha procesado (...), ocupó cargo en los comités de Veriña y Poago, dedicandose con un coche a la quema de iglesias".</p> <p>O 8 de outubro de 1938 foi declarado procesado e ese mesmo día, reunido o consello de guerra permanente, nº 1 de Asturias e condenado a pena de morte. Foi aprobada polo auditor dous días despois.</p> <p>O 21 de setembro de 1939 o capitán asesor remite ao xuíz instructor, José Bernabé Gijón para executar a condena de Guillermo sinalando a hora, (sete da tarde do día 22) e para que establezan o lugar de acuerdo co capelán da prisión de Celanova para que a execute as forzas da bandeira de Fetd e las Jons de Marruecos. O xefe do pelotón de ejecución foi o teniente Francisco Hernández Recio, "sinalando para el lugar de la ejecución las tapias del cementerio de esta villa".</p> <p>O médico da bandeira, Francisco González Rey certifica a defunción a consecuencia de "intensa hemorragia interna y externa producida por disparo de arma de fuego". O encargado do cemiterio, Camilo González, sinala que foi enterrado no cemiterio de Celanova "ocupando en el mismo el <b>foso numero cuatro</b>, franja de terreno comprendida en el aite oeste de la parte nueva del cementerio y en frente al panteón de don Isauro López Montero de esta villa".</p>
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b> <b>Bibliografía</b> <b>Entrevistas</b> <b>Rexistro de defuncións</b> <b>Outras</b>	<p>Sumarísimo de urxencia 10.675, causa 6143/38</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>Si (inserto na causa militar)</p> <p>Descripción física: "cabello oscuro, piel blanca, cejas oscuras, nariz regular, boca regular, barba rala, cara oval y talla alta". Como señas particulares "busto cicatriz a una linea media frontal izquierdo. Varios puntos de cicatriz en el carrillo izquierdo".  Talla, 1,80 m; perímetro torácico, 0,85 m; bo aspecto xeral</p>

### ALFONSO MORENO GAYOL

<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Salamanca
	<b>Veciño de</b>	Carretera Carbonera, 49, Gijón
	<b>Idade</b>	27 anos (nace o 23 de xaneiro de 1912)
	<b>Profesión</b>	Mecánico
	<b>Filiación/s</b>	Non
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
<b>Resumo</b>	<p>Fillo de Enrique e Emilia e casado con Marina García Gallegos e cun fillo, Alfonso. Incorporouse ao exército republicano antes de ser chamado a quintas</p> <p>Sobre as súas actuacións durante a guerra, “el día 29 de julio del año 1936 le fue requisado el taxi que conducía, con el que estuvo prestando diversos servicios hasta el mes de septiembre del mismo año, en que con el taxi le destinaron a la sección de camiones blindados, quedando al servicio del Jefe de la indicada sección hasta el día 20 de octubre del año pasado (1937), en el que al derrumbarse el frente asturiano y por temor a las tropas nacionales, se embarcó en el Gaviota siendo capturado (21 de outubro de 1937)”.</p> <p>Ingresa o 28 de outubro de 1937 en Camposancos e ali é acusado pola Delegación de Orden Público de que, “pertenece al partido comunista; desde los primeros momentos del periodo marxista se le vio con uniforme y armas. Era uno de los componentes de una checa que funcionaba en casa de Pedro Pena, detrás de Simancas, y también se acompañaba de un tal Isaac Herrero Díaz, hoy condenado a muerte. Cuando el incendio del cuartel de Simancas, le vieron con la Bandera del mismo y en completo estado de embriaguez”.</p> <p>O 11 de xullo de 1938 tomásselle declaración indagatoria en Camposancos; o 22 celebraise do consello e ditase sentencia a pena de morte para Marcelino e Alfonso polos delitos de traizón, rebelión militar e auxilio a rebelión militar. Non sei que pasou que o día 5 volven a ditar sentencia (a mesma) e o día 8 foi aprobada polo fiscal.</p> <p>O 25 de xaneiro de 1939 ingresa na prisión de Celanova procedente do campo de concentración de Camposancho “para extinguir la condena que le fue impuesta”</p>	

		O xuíz instrutor, José Bernabé Gijón, designou como secretario ao falangista da bandeira de Marruecos, Javier Aznar Acedo. Tras a comunicación da condena aos reos, néganse a firmala. Ás sete horas “han sido pasados por las armas (...) hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico Francisco González del Rey certificó la defunción”. Alfonso recibiu sepultura na <b>fosa número sete</b> (a mesma que as anteriores)
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	Sumarísimo de urxencia 8.961, causa 5.947/38
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	Si (inserto na causa militar)
	<b>Outras</b>	Descripción física: “cabello rubio, piel blanca, nariz corta, cara ancha, boca regular, barba poblada”. Talla: 1,680 m.; perímetro torácico; 0,85m.; sin cicatrices, tatuajes, ni heridas de guerra

### MARIANO BLANCO GONZÁLEZ

<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Gijón, Asturias
	<b>Veciño de</b>	El Cortijo, Oviedo
	<b>Idade</b>	36 anos, data de nacemento 20 de maio de 1901
	<b>Profesión</b>	Litógrafo
	<b>Filiación/s</b>	CNT
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
<b>Resumo</b>	<p>Fillo de Venancio e Josefa, solteiro</p> <p>Foi prisioneiro no mar (Llodio) o 21 de outubro de 1937, posteriormente enviado a Cedeira. Ingresou na prisión central de Celanova o 22 de xuño de 1938.</p> <p>Sobre as súas actuacións durante a guerra, ingresou nas Milicias Confederales o 23 de outubro de 1936. “A pesar de haberse movilizado este no se incorporó por encontrarse en observación por el tribunal médico-militar con el fin de conseguir la exención por inutilidad. (...) Señala que huyó de Gijón por temor a la aviación nacional y contagiado del pánico popular...”</p> <p>Acusado por parte do xefe de liña da Garda Civil de “militante antiguo de la CNT y anarquista peligroso; implicado en la huelga del año 1933 y destacado revolucionario de octubre del 34; logrando escapar de España, eludiendo la acción de la justicia; cuando el asalto del Frente Popular al poder, regreso a España, siendo admitido en la fábrica con el cargo de delegado; al iniciarse el Glorioso Movimiento formó parte del Comité de Industrias, fue secretario de la organización o redacción del periódico CNT, formaba parte del comité de guerra, no marchando al frente por ser persona imprescindible en la retaguardia roja ; llegando a desempeñar el cargo de consejero municipal. Es indeseable y peligroso para la Nueva España”</p> <p>Incoáselle o procedemento xudicial o 14 de xuño de 1938. O 20 de xullo de 1938 tomáselle declaración en Camposancos onde rebate moitas das acusacións que se lle fan. O 29 de xullo de 1938 celebrouse o consello de guerra en Camposancos e ditouse sentencia. Ao día seguinte, o auditor aprobouna. Francisco Hernández Recio foi designado tenente xefe do pelotón de fusilamento da execución de Baldomero, Abelardo e</p>	

		Mariano, que terá lugar nas tapias do cemiterio de Celanova. Ás sete horas do día 22 “hecha la descarga por el correspondiente pelotón, el médico don Francisco Fernández del Rey, certificó la defunción”. Foi enterrado no <b>foso número tres</b>
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	5.597/38, sumario de urxencia 9.370
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	Si (inserto na causa militar)
	<b>Outras</b>	Descripción física: “cabello castaño, piel blanca, cejas castañas, nariz regular, cara ancha, boca pequeña, barba poca”. Talla alta 1,690 m.; perímetro torácico 0,96 m.; bo aspecto xerasl. Cicatrices en ambas pernas por úlceras varicosas

### BELARMINO ÁLVAREZ GARCÍA

<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Sama Langreo, Oviedo
	<b>Veciño de</b>	Santa Ana, Oviedo
	<b>Idade</b>	30 anos (8 de novembro de 1908)
	<b>Profesión</b>	Mineiro
	<b>Filiación/s</b>	CNT (dende 1934)
	<b>Data e lugar de morte</b>	22 de setembro de 1939 no cemiterio de Celanova ás 19 horas
<b>Resumo</b>	<p>Fillo de Manuel e Florentina, casado con Ángeles e cunha filla, Elena</p> <p>Sobre as súas actuacións durante a guerra, “a los dos meses de iniciado el Glorioso Movimiento Nacional 30 de outubro de 1936), se enroló voluntariamente en el ejército rojo, siendo destinado como miliciano a la batería de Montaña del Rgto Mixto de Artillería que operaba en el puerto de Lille, marchando después al sector de Oviedo, y pasando en el mes de junio a Gijón a instruirse para servir en una batería antiaérea, lo que no llegó a realizar por no haber llegado dicha batería. En Gijón le sorprendió el derrumbamiento del frente asturiano, embarcándose entonces en el vapor GAVIOTA, en el que le capturaron (21 de outubro de 1937)”</p> <p>Acusado polo delegado de información de Fet de las Jons de que “durante el dominio rojo en Asturias, formó parte del comité de guerra de Santa Ana (...). Se destacó en la persecución y encarcelamiento de personas adictas a nuestro Movimiento y por el comité del cual formaba parte este se ordenó el asesinato de tres personas de esta localidad”. A maioría delas rebatidas pola Alcaldía de Langreo</p> <p>Ingresa na prisión central de Celanova o 23 de xaneiro de 1939 de Camposancos (28/10/1937). O 15 de setembro de 1938 foi declarado procesado. Aos tres días, Flora González Rodríguez recibe prendas so recluso e un anel.</p> <p>O xuizo celebrouse o 17 de setembro de 1938 en Camposancos, acusado polo fiscal de rebelión e auxilio á rebelión co agravante de perversidade. A pesar de que o acusado alegou “que eran completamente inciertas las acusaciones de que era objecto”. Ese mesmo día, o consello de guerra permanente nº 1 de Asturias condénao a pena de morte. Dous días máis tarde foi aprobada polo auditor. O día 21 son citados os médicos da bandeira de</p>	

		Marruecos e o cura da prisión de Celanova para recibir instruccións sobre a execución dos reos, “que entrarán en la capilla que se instalará en la del cementerio de esta villa a las cuatro horas de esta madrugada”. Non firma a comunicación da execución da sentencia, que se realiza ás sete horas do día 22 polo pelotón capitaneado polo tenente Francisco Hernández Recio nas tapias do cemiterio. Posteriormente, procedeuse ao enterramento do cadáver “en el cementerio e esta villa (Celanova) ocupando en el mismo <b>foso numero dos</b> , franja de terreno comperendido en el aire oeste de la parte nueva del cementerio y en frente al panteón de don Isauro López Montero de esta villa”
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	5999/38, 5947/38
	<b>Bibliografía</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistru de defuncións</b>	Si (inserto na causa militar)
	<b>Outras</b>	Descripción física: “cabello castaño, piel morena, nariz grande, cara alargada, boca regular, barba poblada”. Talla 1,70m.; perímetro torácico 0,90 m.; bo aspecto xeral e sen cicatrices nen tatuaxes

#### **4. Documentación do espazo a intervir**

Para a reconstrucción da historia do cemiterio e da fosa non tivemos acceso á documentación dos seus propietarios, pois a Igrexa alegou a perda das fontes solicitadas. Tratamos, tamén, de seguirlle a pista ás persoas que participaron no enterramento das vítimas, pois diversas fontes orais nos remitían a que unha delas tivera, posteriormente, unha funeraria que se converteu nunha saga familiar con vida na actualidade. A pesar de que non tivemos éxito á hora de atopar un relato sobre os feitos de autos, si que puidemos coñecer parte da historia do cemiterio grazas a eles.

Como consecuencia, a maior parte da información para desenvolver este punto, recolleuse durante a execución dos traballos arqueolóxicos, aproveitando as visitas dos locais. Grazas aos seus testemuños, puidemos ir máis alá da recente ampliación e concretar a paulatina construcción dos nichos, en función das necesidades.

Puidemos localizar o osario, que se sitúa ao lado da porta da entrada da antiga igrexa parroquial; e tamén o depósito onde se realizaban as autopsias, situado nunha parte da igrexa. Na actualidade, este local non se comunica polo interior co resto do interior da igrexa, pero pode apreciarse unha porta tapiada que indica que anteriormente, si o facían. O acceso exterior é por unha porta con fechadura, pero na actualidade a chave esta perdida, polo que e o acceso ao seu interior faise inviable (figuras 6 e 7).

As tumbas más antigas do cemiterio son aquelas que bordean o muro do recinto pola parte vella, posteriormente, segundo as últimas referencias que temos, foron construído dende os anos corenta e cincuenta, ata os anos oitenta pola parte central. As más recentes son as que están más próximas ao muro da igrexa, conformando unha área rectangular separada por un pequeno peche de ferro de un par de palmos de altura. Esta zona era, xunto cos nichos de beneficencia doados pola Virxe da Encarnación, o lugar onde se enterraban aqueles que non tiñan

recursos nin tumbas en propiedade. A nosa hipótese é que esta área se estendese ata o lugar onde situamos a fosa e se levou a cabo a escavación e inhumación. Posiblemente, a zona de fosa común fose praticamente a máis grande do cemiterio nos anos trinta, debido ao contexto socioeconómico da época. Posteriormente, esta área iría indo a menos debido ás novas necesidades de enterramento e á privatización de determinadas zonas do cemiterio. Deste xeito, a zona foise acoutando ata quedar na actualidade, a zona axardinada onde localizamos a fosa da guerra (figura 8).

Sobre o nivel de terreo do cemiterio, nun principio, seguindo a liña das tumbas más antigas que bordean o recinto, poderiamos pensar que o chan estaba a unha altura diferente, soterrado uns 30 cm. con respecto ao piso actual. Non obstante, a fonte oral local constata que, ata onde chega o recordo (anos vinte do século XX), sempre houbo diferentes niveis de tumbas debido á propia orografía do terreo. Se ben na actualidade podemos apreciar unha altura homoxénea, non sempre foi así e esta logrouse grazas á recheos e modificacíons humanas posteriores.



Figura 6. Localización do osario común, segundo testemuños oraís. Fonte: fondo Histagra



Figura 7. Vista lateral da ermida do cemiterio de Celanova onde se aprecia a porta de acceso ao lugar onde se realizaban as autopsias. Fonte: fondo Histagra



Figura 8. Parte do cemiterio de más recente construcción dentro da parte antiga. Fonte: fondo Histagra

## 5. Recoñecemento e estudo do espazo

A localización da fosa dentro do cemiterio sitúase na parte esquerda segundo entramos pola porta principal, preto do muro de peche. Trátase, na actualidade, dunha área con forma triangular circundada por un pequeno borde de cemento e corredores de acceso formados por terra e pedras. Na superficie do terreo non se aprecian restos de lousas de tumbas nin sinais de enterramentos privados e referenciados. Sobre o terreo están plantados diversos tipos de arbustos e plantas sobre un céspede que adoita estar recortado e ben coidado. Incluso adoita haber algúns recordos na memoria das vítimas asasinadas, como fotografías e algúns ramos de flores. Ao seu redor, separado de dita área polo camiño de acceso, atópanse diversos nichos e tumbas privados (figuras 9 e 10).

Este último dato permítenos referenciar a súa localización, en función dos datos sinalados nas dilixencias de enterramento dos sete corpos e recollidos nas causas militares polas que os condenaron a pena de morte. Todos eles fan referencia á tumba de Isauro López Montero, unha persoa moi coñecida no lugar, pois traballaba na secretaría do xulgado municipal, dende antes da chegada da II República, e era membro do Somatén da 8<sup>a</sup> Región dende febreiro de 1928 (figura 11)<sup>22</sup>. A súa muller, Mercedes Blanco Conde era mestra en Celanova e ambos tiñan tres fillos, Isauro, Carlos e Antonio<sup>23</sup>. O primeiro deles era comandante de infantería en Santiago, o segundo foi médico de Fuentes de León (Badajoz) e o último morre na fronte de guerra no mes de maio de 1938. Tiña 13 anos cando comezou a guerra e se fixo “flecha” (membros da organización juvenil de Fet de las Jons), ao mesmo tempo que estudaba quinto de bacharelato. Ao pouco tempo, alístase na cuarta bandeira de Falange das Fet de Navarra e toma parte de varias accións de guerra en Huesca, Guadalajara e Lérida, chegando ata o Levante, onde falece, cerca de Castellón. Tras a

<sup>22</sup> Boletín Oficial da Provincia de Ourense, nº 144. *La Región*, 18/2/1928.

<sup>23</sup> *La Región*, 31/5/1938 e 12/2/1966.

noticia, súa nai escribelle a Franco expresando o seu “fervor patriótico” e o apoio á “Causa Nacional”:

Excmo. Sr.: Una humilde madre, española y gallega, se postra a vuestros pies para hacer personal profesión de admiración hacia vos y deciros que ruega a Dios que os conserve la vida para que podías muchos años contemplar terminada la gran obra de salvar a España que tantos desvelos y sacrificios os está costando, y al mismo tiempo expresaros el orgullo que siento porque el pedestal de la Nueva España quede amasado con la sangre preciosa de mi hijito flecha, Antonio López Blanco, muerto heroica y santamente en el frente de Castellón. Tengo tres ejemplares de vuestro retrato que adoro como la prenda más preciada de mi casa, pero si V.E. se dignase a enviarle otra de vuestras manos, tendrá sobre mi una virtud extraordinaria. Caudillo insigne, Caudillo providencial: por el amor que mi alma os profesa y por los dolores que España padece, permitid que humilde y respetuosamente besé los pies de V.E.”<sup>24</sup>.

Incluso, ata o 2017, Antonio López Blanco foi conmemorado cunha rúa cos seus apelidos. A mediados de xullo de 1969 (polo 30º aniversario da “victoria”) anunciase a poxa pública a execución das obras de urbanización da avenida López Blanco. Posteriormente, foi inaugurada polo gobernador civil e xefe provincial do Movemento, Guillermo Fernández Julbez o 16 de agosto de 1991, “entre el estruendo de las bombas, aplausos del público y los compases de la banda de música”<sup>25</sup>.

---

<sup>24</sup> *La Región*, 30/8/1938.

<sup>25</sup> *La Región*, 17/8/1971. *El Pueblo Gallego*, 17/8/1938.



Figura 9. Actual localización da fosa no cemiterio de Celanova. Fonte: fondo Histagra




Figura 10. Actual localización da fosa no cemiterio de Celanova. Fonte: fondo Histagra



Figura 11. Actual da localización da fosa no cemiterio de Celanova e sinalización da tumba de referencia de Isauro López. Fonte: fondo Histagra

## 6. Intervención na fosa: sondaxes, escavación, inhumación e difusión



Figura 12. Tarefas de exhumación na gibia da fosa de Celanova. Fonte: fondo Histagra

As labores levadas a cabo polo equipo arqueolóxico e antropólogo-forense puideron identificar en planta unha serie de enterramentos de forma cuadrangular e unha gibia na parte central da zona escavada. Posteriormente, escaváronse tres tumbas individuais e tras descartar a identificación das persoas que buscábamos, procedeuse a escavar a gibia. A escasa potencia identificáronse os primeiros restos, en ataúdes,

colocados un en fronte de outro, depositados un encima de outro e en posiciones anómalias. A idade e as circunstancias da morte encaixaban coas dos individuos que buscamos, polo que se procedeu á exhumación e ao traslado ao IMELGA, para ser estudiados con detalle. Máis tarde, ampliouse a área escavada en planta, seguindo a dirección da gibia e foron aparecendo os demais restos, en posiciones similares aos anteriores, polo que se tomaron as mesmas determinacións (figura 12). Ao rematar, tapouse a zona escavada e a sondaxe aberta.

Mentres se desenvolveu a escavación foron diferentes as actividades de carácter público relacionadas coa difusión das tarefas que se estaban levando a cabo, involucrando a diferentes grupos de cidadáns e poderes públicos:

- Visita do alumnado do IES Celso Emilio de Celanova o 1 de decembro de 2022
- Visita guiada á escavación organizada polo Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova o 6 e decembro de 2022
- Visita do subdelegado do goberno, Emilio González e os poderes locais, entre eles o alcalde, Antonio Puga, o 7 de decembro de 2022 (figura 13)
- Visita dos familiares de Abelardo Suárez e Marcelino Fernández (figura 14)
- Alta cobertura en prensa e polo colectivo Lentes Diverxentes (figuras 15 e 16)



Figura 13. Visita do subdelegado do goberno, xunto cos poderes públicos, parte do equipo da exhumación, membros do Comité e veciños locais



Figura 14. Josefina Fernández, filla de Marcelina Suárez, coa súa familia no mosteiro de Celanova.



*La Voz de Galicia*

Lee sin límites por solo 1€/primer mes [Suscríbete](#)

# Excavan la fosa de Celanova en la que se cree que hay siete represaliados asturianos



MAITE RODRÍGUEZ  
OURENSE / LA VOZ



Santi M. Amil

Los presos fueron fusilados en septiembre de 1939 en el cementerio celanovés, después de la Guerra Civil

Figura 15. Titular de *La Voz e Galicia*, 24/11/2022.



Figura 16. Titular de *La Región*, 1/12/2022

The screenshot shows the header of the news article with the title 'Enterrado uno sobre otro y con un orificio en el cráneo: así aparecieron los cadáveres en una fosa de Celanova en la que se busca a siete asturianos fusilados en 1939'. Below the title is a photograph of an excavation site in a cemetery, with several people standing around a pit. A video player interface is overlaid on the bottom right of the image.

**M. RODRÍGUEZ**  
 OURENSE / LA VOZ

Santi M. Amil

La excavación que se está llevando a cabo en el cementerio parroquial permite localizar un enterramiento clandestino con esqueletos que se tendrán que analizar para identificarlos

Figura 17. Titular de *La Voz de Asturias*, 2/12/2022.

## Bibliografía

Alfonso Iglesias Amorín, “Falange en el Protectorado durante la Guerra Civil y la Bandera de Marruecos de Fet de las Jons”, en Miguel Madueño Álvarez, Luis Velasco Martínez e José Manuel Azcona Pastor (ed.), *Camisas azules en Hispanoamérica (1936-1978). Organización política y prosopografía del falangismo de ultramar*, Madrid: Dykinson, 2021, 71-100.

Beatriz Graña Pérez, “Terror en Ourense: declaración de Josefina e luisa González Cudeiro”, *Unión Libre*, nº 9 (2004), pp. 155-159.

Carlos Hernández de Miguel, *Los campos de concentración de Franco: sometimiento, torturas y muerte tras las alambradas*, Barcelona: Penguin Random House, 2019.

Domingo Rodríguez Teijeiro e Julio Prada Rodríguez, “El trabajo os hará libres: una aproximación a la explotación de la mano de obra del penal en el Ourense de Guerra y posguerra”, *Minius*, nº 10 (2002), pp. 209-236.

Domingo Rodríguez Teijeiro, “La prisión del Monasterio de Celanova, 1936-1943: un análisis de la población reclusa”, *Minius*, nº 4 (1995), 103-115.

Domingo Rodríguez Teijeiro, “Morir de hambre en las cárceles de Franco (1939-1945)”, *Historia Contemporánea*, nº 51 (2015), pp. 641-666.

Domingo Rodríguez Teijeiro, “Los espacios de reclusión en Galicia: prisiones y campos de concentración”, en Jesus de Juana y Julio Prada, *Lo que han hecho en Galicia: violencia, represión y exilio, 1936-1939*, Barcelona: Editorial Crítica, 2006, pp. 187-237

Domingo Rodríguez Teijeiro, “Una zona oscura del mundo penitenciario franquista, depósitos municipales y las prisiones de partido en la provincia de Ourense (1936-1941)”, *A II República e a guerra civil: actas*

*dos traballos presentados ao II Congreso da Memoria, Culleredo: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2006, pp. 647-664.*

Domingo Rodríguez Teijeiro, "Longa noite de pedra" no Mosteiro de San Salvador. *Represión e reclusión en Celanova (1936-1943)*, Oleiros, Vía Láctea, 1999

Domingo Rodríguez Teijeiro, *Presos e prisións na Galicia de guerra e posguerra, 1936-1945*, Vigo: Galaxia, 2010.

Elixio Rodríguez, *Matádeo mañá. Memorias dun aviador galleguista republicano entre a guerra e o exilio*, Vigo: Xerais, 1994.

Jesús de Juana, Julio Prada e Domingo Rodríguez, "Os alicerces do sistema penitenciario franquista en Ourense (1936-1939)", en María Lopez Díaz (ed.), *Estudios en homenaje al profesor José M. Pérez Gercía*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2009, vol. 1, pp. 171-186.

José Antonio Uris Guisantes e Víctor Manuel Santidrián Arias, *A porta do inferno. O campo de concentración de Camposancos na Guarda (Pontevedra)*, Santiago de Compostela: fundación 10 de marzo, 2022.

Juan Antonio Cabezas, *Asturias: catorce meses de guerra civil. Memorias de la guerra civil española, 1936-39*, Madrid: Ed. G. del Toro, 1975.

Julio Prada Rodríguez, *De la agitación republicana a la represión franquista. Ourense, 1934-1939*, Barcelona: Ariel, 2006.

Julio Prada Rodríguez, *Ourense, 1936-1939: alzamiento, guerra e represión*, Sada: Ediciós do Castro, 2004.

Julio Prada Rodríguez, "Memoria da ‘longa noite de pedra’. La represión franquista en Ourense (1936-1939)", *Historia Actual Online*, nº 4 (2004), pp. 127-139.

Marcelino Laruelo Roa, *La libertad es un bien muy preciado. Consejos de guerra celebrados en Gijón y Camposancos por el ejército nacionalista al ocupar Asturias en 1937. Testimonios y condenas*, Gijón, En la Estela de Alderabán, 1999.

María L. Calleja González, et al., *Puerto de Gijón en la guerra civil*, Gijón: Lunwerg, 2004.

Raúl Soutelo Vázquez e Alfredo Varela Sabas, “Variaciones en las formas de represión y resistencia popular en el mundo rural ourensano, 1936-1946”, en José Manuel Trujillano Sánchez y José María Gago González, *Actas IV Jornadas de Historia y fuentes orales: historia y memoria del franquismo*, Ávila: Fundación Cultural Santa Teresa, 1994, pp. 217-233.

Sabela Vieira Outumuro, “Os arquivos das institucións penitenciarias (IV): a prisión central de Celanova”, *Fronda: voandeira do Arquivo Histórico de Ourense*, nº 47 (2013).

Sara Ríos, Ana Saá e Alba Búa, “As lembranzas de guerra soterradas en Camposancos”, *Faneca brava*, nº 10 (2006), p. 13.

Xesús Alonso Montero, *Prisión Central, Celanova, 1936-1940*, Sada: Ediciós do Castro, 2003.

Xosé M. Malheiro Gutiérrez, “O documental como recurso para o estudo da memoria histórica: Memorial de Camposancos, 2006, e Flores Tristes, 2008”, *Revista galega de educación*, nº 76 (2020), pp. 74-77.

VVAA., *Puerto de Gijón en la guerra civil*, Gijón: autoridad portuaria de Gijón y Lunwerg Editores, 2004.

## Fontes

### *Arquivo Histórico Provincial de Ourense*

- Prisión central de Celanova, sin. 32054
- Expedientes persoais dos reclusos, sin. 23958\_025; 24022\_053; 24043\_061 e 24057\_010
- Actas da Xunta de Disciplina de Prisión de Celanova, sin. C-24950-06

### *Centro Documental de la Memoria Histórica*

- Ficha de Marcelino Fernández García, sin. DNSD-SECRETARÍA, ficheiro 19, F0057994; F0057988
- Ficha de Guillermo de Diego Álvarez, sin. DNSD-SECRETARÍA, ficheiro 15, D0038656; D0038654; D0038652
- Ficha de Mariano González Blanco, sin. DNSD-SECRETARÍA, ficheiro 27, G0221313
- Ficha de Belarmino Álvarez García, sin. DNSD-SECRETARÍA, ficheiro 3, A0083243.

### *Arquivo Intermedio Militar del Noroeste de Ferrol (AIMNOR)*

- Causa 5.597/38
- Causa 5.947/38
- Causa 5.999/38
- Causa 6.143/38

### *Comité de memoria histórica da comarca de Celanova*

- Causa 335/43
- Imaxes das familias
- Expedientes de reclusos

### *Prensa*

### *Bases de datos de Nomes e Voces*

### *Fototeca dixital*

<https://fototeca.cnig.es/fototeca/>

*Entrevistas Terra e Memoria*

- Entrevista nº 16, realizada por Xulio Prada Rodríguez, o 14 de febreiro de 1988, fondo Historga.
- Entrevista nº 160, realizada por Rosa Mª Méndez Cortés, o 10 de abril de 1990, fondo Historga.
- Entrevista nº 222, realizada por Raúl Sotelo Vázquez, o 23 de setembro de 1990, en Amoeiro, fondo Historga.
- Entrevista nº 255, realizada por Cuca Tovar, fondo Historga.
- Entrevista nº 267, realizada por Luis Zotes Flores, o 31 de marzo de 1991, en León, fondo Historga.
- Entrevista nº 287, realizada por Manuel Crespo Pérez, o 9 de febreiro de 1991, fondo Historga.
- Entrevista nº 356, realizada por Antonio Berárdez Sobreira, o 28 de decembro de 1991, en Vigo, fondo Historga.
- Entrevista nº 2044, realizada por Gustavo García Hervella, o 7 de xullo de 2006, en Ventosela, fondo Histogra.
- Entrevista nº 2164, realizada por Mónica Rocha Novoa, realizada o 14 de novembro de 2006, en Santa María de Melias, fondo Histogra.
- Entrevista nº 2193, realizada por Andrés Domínguez Almansa, o 5 de decembro de 2006, en Santiago de Comostela, fondo Histogra.
- Entrevista nº 2186, realizada por Mónica Rocha Novoa, o 28 de novembro de 2006, en Celanova, fondo Histogra
- Entrevista nº 2098, realizada por Gustavo Hervella García e Natalia Novoa Domínguez, o 28 de agosto de 2006, en Bande, fondo Histogra.